


**ASOCIACIÓN
«AMADORES DA MÚSICA»**

Colaboran:

**SOCIEDADE FILANTRÓPICO-DRAMÁTICA
PARRÓQUIA DE SANTA MARIA DO CAMPO**



Fotocomposición e impresión: GRAFICAS RIBAZAN - Teléfono 547.36.80 - Navia

RIBADEO. DIA DAS LETRAS GALEGAS. 1994

C O N C E R T O

**MARTES 17 DE MAIO
9 DA NOITE
IGREXA PARROQUIAL**


**BANDA
MUNICIPAL
DE RIBADEO**

HERNÁN NAVAL

Director



**EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO**



Este é un dos máis eclécticos programas ofrecidos pola *Banda Municipal de Ribadeo* nos seus dous anos de andaina, por máis que segue a liña apuntada desde o comezo: páxinas da mellor tradición autóctona ou cercana (nesta ocasión, coa interpretación por primeira vez do paso-dobre galego *Brisas arousanas*, de Manuel Iglésias Domínguez, e coas seleccións instrumentais de obras líricas como *Katiuska* ou *A viuva alegre*, xa tocadas nalgun outro concerto), transcripcións para Banda de célebres obras orquestrais do repertorio clásico universal (como o *Adagio* de Albinoni, interpretado por primeira vez no concerto de música relixiosa do pasado 26 de Marzo) e *nova música para Banda*. En *Brasiliana*, suite de danzas latino-americanas orixinalmente escrita para *Banda Sinfónica* (inclúe parte de Contrabaixo de cordas), o compositor holandés Jan Van der Roost mostra como unha Banda, mesmo unha Banda de plantel tradicional, pode sumar a súa tímbrica á máis limitada dun *combo* de salsa; chamamos a reparar no imbricado papel que na interpretación debe realizar a sección de cinco percusionistas. Para tocar esta obra e máis os fragmentos das bandas sonoras de *Robin Hood* (o *lied pop* de Bryan Adams *I Do It For You*) e de *The Pink Panther* (de Henry Mancini) incorpórase circunstancialmente ao conxunto un Contrabaixo eléctrico, inclusión inédita en Bandas do país e habitual en Europa arriba para a interpretación de música contemporánea. Velaquí unha mostra máis da nosa liña evolutiva, desa *modernidade* ben entendida á que aspiramos.

Como en anos anteriores, o concerto do Día das Letras acompáñase dunha intervención verbal alusiva á simbólica data, o que dá boa conta da encardinación da *Banda Municipal de Ribadeo* e dos seus promotores, a Asociación «Amadores da Música» e o Excmo. Concello de Ribadeo, no fenómeno cultural galego e no seu proceso normalizador.

P R O G R A M A

I

- Brisas arousanas* (Paso-dobre) M. Iglésias Domínguez
- Katiuska* (2ª Fantasia) P. Sorozábal
- La Traviata* (Ária «Di Provenza il mar...») G. Verdi/
 Solistas: Rubén Soloso Irímia, Arr.: Hernán Naval
 Fliscorno,
 e Beatriz Lombao Gómez,
 Bombardino.
- A viuva alegre* (Seleición) F. Lehár

PREGON DAS LETRAS

a cargo de

Eduardo Gutiérrez

Alcalde de Ribadeo

II

- Adagio* T. Albinoni
- (Everything I Do) I Do It For You* . . Bryan Adams/
 (Da banda sonora de *Robin Hood*) Arr.: R. Sebregts
- A Panteira Rosa* Henry Mancini / Arr.: J. de Meij
- Brasiliana* (Danzas latino-americanas) . . . Jan Van der Roost
- I. Cha-cha-cha.
 II. Calypso.
 III. Samba.